

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CEIP DE MUIMENTA
CURSO:3º
MATERIA:EDUCACIÓN FÍSICA
DEPARTAMENTO:
DATA:8 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.	B2.2.2 - Mantense en equilibrio sobre diferentes posturas e posicións durante un tempo determinado-
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	B31.1 - Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
	B3.1.2 - Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo temporais.
	B3.1.4 - Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
	B3.1.3 - Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos axeitados e utilizando os segmentos dominantes.
	B3.1.5 - Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	B5.1.1 - Mellora das capacidades físicas
	B5.1.3 - Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.
B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	B5.2.3 - Percibe diferentes niveis de intensidade e esforzo na estrutura da clase de Educación física.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	B1.3.1 - Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores
	B1.3.5 - Incorpora nas suas rutinas o coidado e hixiene do corpo
B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de	B6.1.2 - Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e

actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades	actividades físicas.
---	----------------------

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación do 3º trimestre farase segundo as instrucións da Consellería de Educación do 27 de abril de 2020 , polo que terase en conta a 1º e 2º avaliación, e de cara a avaliación final, aquelas actividades achegadas polo alumnado telemáticamente, só serán tidas en conta de xeito positivo, nunca serán perxudiciais para a avaliación.</p>
	<p>Instrumentos: Os instrumentos de avaliación para a 3ª avaliación consistirán no seguimento das actividades propostas, que os alumnos/as recibirán polo medio correspondente e enviarán, sempre que sexa posible, realizadas ao mestre e que este revisará e devolverá aos alumnos/as, os comentarios recibidos sobre o material recibido.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020, considerará o conxunto das cualificacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres. Tamén será tida en conta a observación por parte do mestre, das actividades de repaso e reforzo que este proporá aos seus alumnos/as para realizar na casa e que serán sometidas a revisión, sempre e cando se beneficie ao alumnado. A nota numérica do área será o resultado da media aritmética da primeira e segunda avaliación, sumándolle o correspondente da terceira avaliación, que será:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 05, puntos se o alumno/a entregou a metade das tarefas propostas - 1 punto, se o alumno/a entregou a totalidade das tarefas propostas
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Ningún alumno/a coa materia de Educación Física suspensa, nin no 1º nin no 2º trimestre.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>De recuperación: como xa dixen non hai ningún alumno/a coa materia de educación física suspensa, polo que non se plantean actividades de recuperación.</p> <p>De repaso e reforzo: Refórzanse os contidos traballados no 1º e no 2º trimestre dun xeito global, máis encamiñados aos contidos referentes ó esquema corporal, actividade física e saúde, xogos de expresión corporal e coordinación dinámica xeral.</p> <p>Todas as actividades propostas serán de repaso e reforzo do traballo presencial na escola e non haberá ampliación de materia para esta área</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	As actividades serán publicadas no aula virtual do centro, onde todos os alumnos e alumnas poderán acceder a elas e desenvolveselas, para máis tarde enviar os vídeos mediante o correo electrónico ao mestre para a súa revisión. A maioría dos materiais serán enlaces a vídeos ou imaxes con xogos.
Materiais e recursos	Correo electrónico Aula Virtual Ceip de Muimenta

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Aula Virtual do Ceip de Muimenta Correo electrónico
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.